## F) DOMICILIO FAMILIAR E DATOS DE CONTACTO

| ENDEREZO COMPLETO | | | | |
|---|---|---|---|---|
| CONCELLO | CÓDIGO POSTAL | PROVINCIA | TELÉFONO 1 | |
| TELÉFONO 2 | CORREO ELECTRÓNICO | | | |

Quen abaixo asina DECLARA QUE:

Presta expresamente o seu consentimiento á consellería para que de acordo co establecido nos números 3 e 4 do artigo 13 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, publique as subvencións concedidas ao abeiro desta orde no *Diario Oficial de Galicia*, na súa páxina web oficial e nos rexistros públicos referidos, con expresión da entidade beneficiaria, a cantidade e a súa finalidade, no xeito que determine o órgano competente.

DECLARACIÓN DE AXUDAS:

O solicitante declara non ter solicitado nin recibido ningunha axuda para a mesma finalidade, ou ben, que o conxunto das axudas solicitadas e recibidas, xunto con esta, non superan o custo total dos libros e materiais subvencionados.

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, infórmaselle de que os datos persoais recollidos nesta solicitude, se incorporarán a un ficheiro para o seu tratamento coa finalidade da xestión deste procedemento. Vostede pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei, dirixindo un escrito a esta consellería como responsable do ficheiro ao seguinte enderezo: Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos. San Caetano, bloque II-2º. 15781 Santiago de Compostela.

O solicitante declara baixo a súa responsabilidade que acepta as bases da convocatoria, que cumpre os requisitos esixidos por esta, e que son certos todos os datos que constan na solicitude.

Os abaixo asinantes dan expresamente o seu consentimento para a comprobación telemática dos datos de carácter persoal que figuren no documento de identidade, segundo o disposto no Decreto 255/2008, do 23 de outubro, polo que se simplifica a documentación para a tramitación dos procedementos administrativos e se fomenta a utilización de medios electrónicos, e AUTORIZAN á Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos para que, conforme o disposto no artigo 2.4 da Orde do Ministerio de Economía e Facenda do 18 de novembro de 1999, solicite información da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Consellería de Facenda, en relación co cumprimento das súas obrigas tributarias estatais e coa Comunidade Autónoma.

(No caso de non dar estas autorizacións deberá anexar copia compulsada da documentación correspondente)

Para ser asinado por todos os membros computables da familia que obteñan ingresos.

*Lugar e data*

, de de 20

| SOLICITANTE (Pai, nai, titor) | CÓNXUXE (se é o caso) | FILLO/A (se é o caso) | FILLO/A (se é o caso) | FILLO/A (se é o caso) |
|---|---|---|---|---|
| | | DNI / NIE | DNI / NIE | DNI / NIE |

LEXISLACIÓN APLICABLE

*- Orde do ------------ de 2012 pola que se convocan axudas para a adquisición de libros de texto, materiais curriculares e material didáctico e complementario destinadas ao alumnado matriculado en educación primaria, educación secundaria obrigatoria ou educación especial en centros sostidos con fondos públicos no curso escolar 2012/2013.*

*- Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (DOG do 25 de xuño).*

*- Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento desta lei (DOG do 29 de xaneiro).*

(Para cubrir pola Administración)

RECIBIDO

REVISADO E CONFORME

NÚMERO DE EXPEDIENTE

DATA DE ENTRADA ___/___/___

DATA DE EFECTOS ___/___/___

DATA DE SAÍDA ___/___/___

*Director do centro (indicar centro)*